



CONCELLO DE GUITIRIZ
Rúa do Concello, 4
27.300 GUITIRIZ – LUGO
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

ANUNCIO PERFIL DO CONTRATANTE

Expediente de contratación menor do “Servizo de asistencia psicolóxica en materia de prevención e tratamento de violencia de xénero”.

Por providencia de alcaldía de data 1/06/2016 iniciouse o procedemento de contratación menor dun servizo de asistencia psicolóxica de apoio ao servizos sociais municipais en materia de prevención e tratamento de violencia de xénero e para homes que precisen apoio ou axuda para manter o autocontrol, por un período de 6 meses e un importe máximo estimado de 6.000 euros máis IVE.

O servizo prestarase en dependencias municipais como desenvolvemento do “II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Guitiriz 2016-2020” elaborado polos Servizos Sociais Municipais (Eixo 6, Obxectivo 6.2 “Impulsar as áreas de detección, intervención e coordinación en materia de violencia de xénero”), segundo as necesidades e demanda existente e baixo a supervisión dos servizos sociais municipais. Non se prevé un número mínimo nin máximo de horas mensuais, estimando unhas necesidades de entre 20 e 25 horas semanais de servizo prestadas por persoal con titulación superior de psicología e experiencia acreditada nesta materia.

Obxecto do servizo e tarefas específicas:

- Millorar a situación da muller no Concello.
- Orientar e asesorar o personal técnico de servizos sociais programas ou intervencións profesionais para modificar ou mellorar condutas que constitúen factores de risco.
- Intervir directamente coa poboación usuaria de servizos sociais prioritariamente vítimas de violencia de xénero e homes maltratadores que o desexen.
- Intervir directamente en familias en risco de exclusión ou en situación de vulnerabilidade así como con aquelas familias que estean en risco de estalo para previr futuras situacións de violencia de xénero, violencia doméstica ou outros maltratos.
- Reducir, previr situacións de risco persoal e social mediante la promoción dunha mellor calidade de vida.
- Deseñar e/ou realizar actividades formativas dirixidas a los/as usuarios/as que se encontren no contexto terapéutico.
- Realización de valoracións e orientacións psicolóxicas.
- Realización de informes psicolóxicos naqueles supostos que sexan solicitados por organismos públicos.
- Realización de talleres preventivos e de autoestima.
- Colaboración e memorias e documentos.

Se está interesado na referida contratación poderá presentar a correspondente PROPOSICION conforme aos seguintes criterios de adxudicación:

1. Prezo do servizo. Establécense un tipo de licitación de 6.000,00 euros máis IVE á baixa. Valorarase de 1 a 3 puntos, outorgando 1 punto as ofertas polo tipo de licitación e 3 puntos á maior baixa ofertada. A partir desta última se irán puntuando as demais mediante o criterio de desconto proporcional lineal (regra de tres).



CONCELLO DE GUITIRIZ
Rúa do Concello, 4
27.300 GUITIRIZ – LUGO
TEL. 982.370.109 FAX 982.372.178

2. Memoria de prestación do servizo. A memoria valorarase entre 1 e 5 puntos, e deberá conter as distintas actuacións a realizar, horarios, medios persoais e materiais a adscribir ao servizo, formación e experiencia do persoal, etc...

As ofertas deberán presentarse nun único sobre pechado conforme ao MODELO DE PROPOSICION que se adxunta ata o día 4/07/2016. Se presenta a oferta por correo ou no rexistro doutra administración pública deberá comunicar a presentación da oferta (ao FAX do Concello de Guitiriz 982372178).

Guitiriz, 22 de xuño de 2016

A alcaldesa


Regina Polín Rodríguez